



CIRCULAR INFORMATIVA 5/2023

1. CHARLAS INFORMATIVAS SOBRE A MUTUALIDADE E O RETA (12 e 13 de xullo)

A Xunta de Goberno do ICA Santiago, consciente da problemática e da incerteza entre os colexiados mutualistas en relación coas coberturas e as pensións de xubilación, así como a comparativa destas co RETA, organiza dúas sesións informativas para coñecer con detalle as distintas alternativas. Na primeira destas xornadas contarase coa presenza dun técnico de Mutualidad de la Abogacía Española e, na segunda, cunha letrada da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

1ª sesión: Mutualidad de la Abogacía

Día: **12 de xullo**

Hora: 18.00 h

Lugar: Aula Magna da Facultade de Dereito

Participa: Francisco Ariza Rodríguez (director xeral adxunto da Mutualidad)

2ª sesión: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Día: **13 de xullo**

Hora: 18.00 h

Lugar: Aula Magna da Facultade de Dereito

Participa: Victoria Regueira Rodríguez (letrada da Seguridade Social)

Non é necesario inscribirse, a entrada será libre.

Sen prexuízo das cuestións e debate que se poida formular directamente con cada relator, todos aqueles colexiados e colexiadas que teñan previsto asistir poden enviar previamente as súas consultas á conta de correo rexistro@icasantiago.org coa finalidade de agrupar todas aquelas que sexan comúns e desta forma asegurar unha resposta a todas elas.

2. HORARIO DE VERÁN NO ICA SANTIAGO

Dende o 21 de xuño ata o 21 de setembro o horario de oficina da sede principal do Colexio (Eduardo Pondal, 4, baixo) será o seguinte:

De mañá: de 8.30 a 14.30 h

De tarde: de 17.00 a 19.00 h

No mes de agosto o horario será de 9.00 a 14.00 h.